


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

1-2 de marzo do 2025

VIII ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 ***Amigos nas penas e na festa amigos***

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Fai un par de semanas Xesús sorprendía coas súas propostas de felicidade, e a semana pasada deixábanos sen palabras cando nos dicía de amar aos inimigos e facer o ben sen esperar nada a cambio.

Hoxe Xesús axúdanos a dar outro paso e fálanos de que na vida non todo vale, é imprescindible a coherencia. De pouco serve preocuparse dos demais e non atreverse a ocuparse de un mesmo, de pouco vale criticar aos outros e non atreverse a esixirse a un mesmo, de pouco serve querer guiar aos demais e andar perdido un mesmo.

Falamos moito e criticamos demais, por iso hoxe a palabra dada vale tan pouco. Falamos enchéndonos de apariencias e consellos que nós mesmos non vivimos.

Cántas incoherencias nos cristiáns de hoxe?, na igrexa de hoxe?, nos bispos e nos curas de hoxe?.

Nesta celebración de hoxe Xesús lémbra-nos que non todo vale.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Agora é momento de pedir perdón polas palabras que sobran e polos feitos que faltan. Facémolo confiados en Xesús, **porque queremos facelo mellor**:*

Monitor/a

- ✓ Perdón polas veces que criticamos os erros dos demais ocultando os nosos propios erros. Señor ten man de todos nós.
- ✓ Pedimos perdón por querer vivir aparentando, escondendo como verdadeiramente somos. Cristo ten man de todos nós.
- ✓ Pedimos tamén perdón polas veces que presumimos de facer mellor que os demais e vivimos mentira nas nosas palabras sen vida. Señor ten man de todos nós.

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, e de todos os que sofren e están asoballados a costa dunha sociedade incoherente. A todos, o Señor, nos concede o perdón e confiamos nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe desexando sermos exemplo do exemplo que Xesús nos dá.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus noso Pai, co teu espírito de adopción fixéchesnos fillos, non permitas que as palabras baleiras sexan as que enchan o noso corazón.

Que permanezamos sempre alentados para que poidamos agradarche cos feitos da nosa vida, e sempre dando pasos nos camiños da paz.

Pedímoscho polo noso Señor Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

As palabras que agora imos escoitar non serven para nada se as deixamos pasar de balde. Ou as escoitamos ou son palabras mortas.

Xesús vainos lembrar que na sinceridade e na coherencia está o sentido fundamental da vida e da fe.

Non é un camiño doado, pero é o único para sermos cristiáns de verdade. Escoitamos.



LECTURA DO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Tralo abaneo da peneira, queda o farelo;
tamén queda o refugallo do home cando o examinan.

As potas do oleiro saen segundo arda o forno,
un home é o que é segundo o que pensa.

Conforme o que se coide unha árbore
serán os seus froitos,
e o raciocinio segundo a inclinación que un teña.

Non louves a ninguén antes de que razoe
pois tal é a proba dos homes.

Palabra do Señor

♫ **nº 50** *Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

(en pé) *Lec I C páx*

Lc 6, 39-45

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús púxolles aos discípulos unha comparanza:

- Acaso poderá un cego guiar a outro cego? Non caerán os dous na fochanca?. Non está o discípulo por enriba do mestre; aínda que todo discípulo que chegue a prepararse ben, será coma o seu mestre. Por que reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán, e non te decatás da trabe que está no teu propio ollo?.

Como lle poderás dicir a teu irmán: "Irmán, deixa que che quite o lixo que tes no ollo", sen reparar na trabe que tes no teu? ¡Hipócrita! Quita primeiro a trabe do teu ollo, e logo verás mellor para quitar o lixo do ollo de teu irmán.

Non hai árbore boa que produza froitos ruíns, nin tampouco árbore ruín que produza froitos bos. Así, cada árbore coñécese polos seus froitos. Pois dos toxos non se collen figos, nin das silveiras se vendiman uvas. O home bo saca o ben da bondade do seu propio corazón, e o home malo saca o mal da súa maldade, pois do que reborda o corazón fala a boca

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propón esta Palabra
que vimos de escoitar?

Di Xesús: COHERENCIA.

Coherentes os países
porque todos os pobos
necesitan facerse dende unha
man pacífica, e non dende a
guerra.

Coherentes os cristiáns
porque só os nosos feitos nos
fan cribles. A fe só das

palabras é unha fe morta.

Coherentes as persoas que teñen responsabilidades no
goberno, porque non é de xustiza que só queiran
aproveitarse.

Coherentes no traballo, porque o necesitamos para
saír adiante, e porque nos pode axudar a sentirnos
satisfeitos co noso bo facer.

Coherentes co mundo rural, porque é moito o que nos
dá, aínda que non sempre o poñamos en valor.

Porque incoherentes son os muíños eólicos a calquera
prezo, incoherente é levar meses sen médico,
incoherentes son as violencias e agresividades,
incoherentes as críticas e o aparentar, incoherente a fe
das rutinas e costumes que morre por falta de feitos, ...

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Profesala fe é seguir as pegadas de Xesús,
é proclamar que acreditamos nos camiños da
coherencia e a sinceridade. Compartir o credo pasa
por dar valor e facer cribles as Palabras. Dicimos*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

*Credes en Deus, Pai e Nai,
que ama a todos sen facer diferenza e que cre na
irmandade lonxe das apariencias respectando a quen
pensa e vive diferente?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos convida a ser auténticos e cribles nas palabras e
nos feitos fuxindo das críticas cómodas e superficiais?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes no Espírito Santo,
que alenta a colaborar construindo unha sociedade
respectuosa, que de ningún xeito pode permitir os
abusos?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes na igrexa
comunidade que necesita de nós para sermos un evanxeo
crible dende as palabras aos feitos superando as
apariencias e as rutinas?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Pousemos as nosas pregarías nas mans do Pai facendo nosos os desexos de Xesús, e coma comunidade digamos:*

Énchenos Señor da túa vida

Monitor/a:

✓ Necesitamos ser coherentes para facer crible o evanxeo no que fomos bautizados, porque un evanxeo sen feitos está morto, e porque a vida sen paz está morta. Oremos

✓ Necesitamos dar bo exemplo para ofrecer un futuro máis esperanzador aos pobos que cheos de medo se están vendo asoballados. Oremos

✓ Necesitamos facelo mellor como sociedade porque moitas veces parece que o único que importa é quedar ben, sexa cal sexa o prezo. Oremos

✓ Necesitamos erguer as nosas voces para compartir as dores dos refuxiados tirados e das mulleres que malviven violencia de xénero. Oremos

✓ Necesitamos facelo mellor coas nosas palabras alentando a quen se sente canso, e dando valor a esta terra e a estas aldeas nas que facemos a vida. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de ser e dar exemplo do que Xesús nos ensina. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *“Fágase a túa vontade” dicímosllo a Deus Pai, pero moitas veces preferimos que os demais fagan a nosa vontade. A nosa oración serve de pouco se só son palabras sen vida.*

Recemos ben o que temos aprendido con Xesús:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *En demasiadas ocasións criticamos, xulgamos e condenamos con pouco respecto. Agora as nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa razón de ser.*

Non o fagamos por presumir, fagámolo dun xeito coherente. Con Xesús, coma irmáns, deámonos a paz.

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Estamos convidados á vida de Xesús. Compartir esta celebración é camiñar seguindo a súa proposta. El é o Mestre que nos dá exemplo para que o mundo teña como gran camiño o de amar e facer ben na coherencia das palabras e dos feitos.*

Ditosos e benaventurados nós que hoxe somos convidados a compartir este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a celebración que temos compartido, nos alente no esforzo por facer comunidade, nos encha de forzas para superar as dificultades e unidos sempre a Ti polo amor sexamos palabras e froitos de vida.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús queremos asumir a responsabilidade das decisións que tomamos, porque así a vida vale a pena

queremos manternos fieis no camiño de facer crible o evanxeo coas palabras e os feitos que nos dan vida e lla dan aos demais


e queremos recoñecer e pedir perdón do mal feito, e do ben que deberíamos ter feito.

Non podemos calar porque queda moito por facer.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

XESÚS PROPONNOS SER COHERENTES



**“Cada árbore, cada persoa, cada vida
coñécese polos seus froitos”**

Así nolo ensina a facer Xesús no evanxeo de hoxe

🎵 **nº 56 Ide e pregoade**

Podémonos ir en paz.